



BASES DO CONCURSO DE CACHELAS SAN XOÁN 2014 XXVII EDICIÓN

Co obxecto de promover unha das manifestacións culturais máis importantes da celebración do San Xoán e recuperar unha tradición popular, a Asociación Cultural San Xoán, entidade organizadora das Festas de San Xoán 2014, organiza o XXVII Concurso de Cachelas, no que poderán participar os/as concursantes que cumpran as seguintes bases:

PRIMEIRA.- Poderán concorrer todos os grupos que o desexen, que deberán inscribirse no Museo de Bergantiños (981 702 077) antes das 13.00 h do día **19 de xuño de 2014**.

SEGUNDA.- As cachelas deberán situarse na zona urbana de Carballo ou zonas limítrofes (en caso de dúbida consultar coa organización).

Situaranse onde non supoñan ningún perigo para o contorno, a unha distancia prudencial, segundo o volume da cachela, de edificios, coches, tubaxes de gas, mobiliario urbano e nunca debaixo de liñas eléctricas, nin próximas a rastroxos, árbores ou outras zonas inflamables. Nas proximidades deberá dispoñerse de extintores, mangueira, cubos de auga ou outros medios para o control do lume. Os/as integrantes do grupo son responsables do cumprimento das normas de seguridade precisas.

Non poderán estar elaboradas con materiais plásticos, botes de spray, pneumáticos, gomaespuma, artificios pirotécnicos e en xeral calquera produto inflamable, explosivo ou materiais onde interveña o plástico, nin tampouco se poderán utilizar árbores autóctonas, como carballo, acivro, loureiro, castiñeiro...

Coa inscrición cada equipo deberá entregar unha declaración na que se fará constar que coñecen e aceptan as bases deste concurso, que cumpriran coas normas de seguridade que se establezan e que eximen de responsabilidades á organización polos accidentes ou contratemplos que puideran ocasionar e os que puideran sufrir os membros do equipo. Os/as menores de idade entregarán tamén unha declaración asinada polo pai, nai ou titor/a, autorizándoos/a a participar. Estes impresos facilitaráselle coa inscrición.

TERCEIRA.- As 20 primeiras cachelas inscritas que participen no Concurso e non resulten premiadas correspóndelle unha axuda de entre 20 e 50 €, segundo determine o xurado en función da súa calidade.

Se o xurado considera que a súa calidade non é suficiente poderán non ter dereito a esta axuda.

CUARTA.- O xurado estará composto por membros da Comisión de Festas ou persoas designadas por esta.

QUINTA.- A valoración das cachelas realizarase, antes da súa queima, entre as 19.30 h e as 23.00 h do día 23 de xuño.

Para realizar a valoración das cachelas o xurado terá en conta a orixinalidade do deseño e a súa elaboración (tamaño, materiais empregados, calidade da execución...).

SEXTA.- As cachelas gañadoras recibirán os premios que se sinalan a continuación, e poderá o xurado deixar deserto algún deles se o estima oportuno:

1º Premio: 500 €

2º Premio: 200 €

3º Premio: 150 €

4º Premio: 100 €

Así mesmo o xurado poderá outorgar accésitos por un valor de 90 € se o considerase pertinente.

SÉTIMA.- A entrega das subvencións pola participación nesta convocatoria realizarase durante a visita do xurado ás cachelas e os premios entregaranse despois do percorrido.

OITAVA.- A participación nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.

ORGANIZA: COMISIÓN DE FESTAS SAN XOÁN 2014
COLABORA: CONCELLO DE CARBALLO

**INSCRICIÓN ATA O 19 DE XUÑO
MUSEO DE BERGANTIÑOS**

de martes a venres de 12.00 h a 14.00 h e de 18.00 h a 20.00 h
sábados e domingos de feira de 12.00 h a 14.00 h

**SUBVENCIÓN
POR PARTICIPAR
20€ / 50€**

**1º PREMIO: 500€
2º PREMIO: 200€
3º PREMIO: 150€
4º PREMIO: 100€**